

## CONCELLO DE MOS

Extracto dos **acordos** adoptados pola **Xunta de Goberno Local** do Concello de Mos na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **21 de decembro de 2018**.

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións ordinarias do 29 de novembro e 5 de decembro de 2018.
2. Expte. 490/2018, M.R.M. Concesión de licenza de parcelación no Camiño Fontevella nº 6, Bosende, parroquia de Tameiga. U.L. 77/18
3. Expte. 3567/2018 Imposición de orde de execución de tala de árbores e limpeza de finca no camiño do Cotiño, parroquia de Tameiga. Denunciados: titulares da parcela 438 do polígono 39.
4. Expte. 2546/2018 Imposición de orde de execución para tala de árbores e limpeza de finca sita no camiño dos Campos, Monte, parroquia de Sanguñeda. Denunciados: titulares da parcela 254 do polígono 48.
5. Expte. 1089/2018. Imposición de orde de execución para tala de árbores e limpeza de finca sita en Ameirolongo. Denunciados: titulares da parcela 190 do polígono 59.
6. Expte. 3771/2018. Imposición de orde de execución para tala de árbores e limpeza de fincas sitas no camiño de Covelo. Denunciados: titulares das parcelas 768, 767, 769, 784, 783 e 782 do polígono 52.
7. Expte. 1195/2017. Aprobación da certificación nº 3 e factura nº A/18206, Manuel Pérez Portela, S.L., por importe de 60.097,49 euros.
8. Rogos e preguntas: Non houbo.

### **Asuntos incluídos fóra da orde do día.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación:

1. UIR 2295/2017. Resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística por rehabilitación e ampliación de vivenda no camiño do Premidiño nº20, Guizán. Presunto responsable: Isidro Álvarez Bastos
2. UIR 2717/2017. Resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística por construción de dous muros de contención a dúas alturas no camiño Costa do Piñeiro, Guizán. Presunto responsable: Isidro Álvarez Bastos e Emilia Lago Tobío
3. Expte. 2919/2018. Recoñecemento extraxudicial de crédito da relación de gastos provisional nº 2018/134
4. Expte. 3882/2018. Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mos para a doazón dunha peza de exposición Nado en Pedra

Mos, 21 de decembro de 2018.